

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 23/09/2021 14:14:59

SAIDA **14748/21**

Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 120/2021**

Correo electrónico: : [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 13 de agosto de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 21 de setembro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Único. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 13 de agosto de 2021, unha reclamación contra a resolución do 16 de xullo de 2021, do director da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo, pola que se resolve a súa reclamación contra a cualificación final de *non apta* no nivel Básico da especialidade de cerámica artística desa Escola durante o curso 2020-21.

A reclamante expón que considera que a situación desfavorable na avaliación final do curso de cerámica artística na Escola de Artes e Oficios, ven provocada por non ter sido tido en conta o seu grao de discapacidade e o seu descoñecemento da lingua galega.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse

unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se

toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

O dereito dos cidadáns de solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei básica e da Lei autonómica en materia de Transparencia calquera tipo de información, implica o dereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, dado que a resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública.

No presente caso a interesada non solicitou un acceso á información pública, senón que presenta unha reclamación contra unha resolución da Escola Municipal de Artes e Oficios pola que se resolve unha reclamación en materia académica.

De acordo co anterior, ao non ser o obxecto da solicitude da interesada o acceso a unha información pública, senón unha reclamación contra a cualificación obtida na avaliación final dos estudos que esta a cursar, procede a inadmisión da reclamación, de acordo co disposto no artigo 116.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao non tratarse dun acto susceptible de recurso ante esta Comisión.


En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,


ACORDA


Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] contra a resolución do 16 de xullo de 2021, do director da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo, pola que se resolve a súa reclamación contra a cualificación final de non apta no nivel Básico da especialidade de cerámica artística desa Escola durante o curso 2020-21.


Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-



 (+34) 981 56 97 40

 Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

 info@comisiondatransparencia.gal

 www.comisiondatransparencia.gal

administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: 56500009C)
Fecha: 2021.09.23 13:27:51 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.